

Continúa a Tempada de Música Clásica no Teatro Afundación Vigo

I Recitais de música clásica, a cargo das grandes agrupacións galegas, coa participación da Orquesta Barroca de Tenerife, conforman a oferta para esta tempada

I A Tempada de Clásica do Teatro Afundación Vigo está enmarcada no programa «Cultura por alimentos»

08.02.2022. Afundación, a Obra Social de ABANCA, continúa coa súa Tempada de Música Clásica organizada en colaboración coa Sociedad Filarmónica de Vigo. A tempada desenvolverase ata finais de maio no Teatro Afundación de Vigo. Inclúe cinco concertos a cargo da Real Filharmonía de Galicia, baixo as batutas de Joana Carneiro, Lars Vogt, Manuel Hernández-Silva, Simone Menezes e Paul Daniel; tres da Orquesta Sinfónica de Galicia, dirixidos por Stanislav Kochanovsky, Thierry Fischer e Pablo González; e un recital a cargo da Orquesta Barroca de Tenerife, coa dirección de Alfonso Sebastián.

A batuta de Stanislav Kochanovsky dirixirá a Orquesta Sinfónica de Galicia, acompañada polo piano de Uladzislau Khandohi, o 10 de febreiro ás 20.00 h, nun recital de obras de Serguéi Rachmáninov (*Concerto para piano núm. 2, en do menor, op. 18*) e Pau Hindemith (*Mathis der Maler*).

A Tempada de Clásica está incluída no programa solidario de Afundación «Cultura por alimentos», mediante o cal a entidade invita todas as persoas que asistan a este espectáculo a colaborar con esta campaña solidaria coa doazón de alimentos, non perecedoiros, que poderán depositar á entrada do teatro. Esta iniciativa solidaria desenvólvese en cooperación con FESBAL (Federación Española de Bancos de Alimentos) e grazas a ela colabórase cos bancos de alimentos locais.

Co compromiso de seguir promovendo as actividades culturais como un mecanismo fundamental para o progreso persoal e social, Afundación estableceu un esixente protocolo de medidas que permitan á cidadanía gozar de eventos de primeira orde coas maiores garantías de seguridade sanitaria.

A PROGRAMACIÓN DE CONCERTOS

Todos os recitais incluídos na Tempada de Música Clásica terán lugar no Teatro Afundación de Vigo (Policarpo Sanz, 13) ás 20.00 h.

Con dirección de Manuel Hernández-Silva e violín de Robert Lakatos, a Real Filharmonía de Galicia estará no Teatro Afundación Vigo o 16 de marzo ás 20.00 h cun recital titulado «Desde Rusia con amor». Mijaíl Glinka, Henryk Wieniawski e Vasily Kalinnikov serán os compositores que guiarán os acordes desta cita cultural.

A batuta de Thierry Fischer dirixirá a Orquesta Sinfónica de Galicia, acompañada polo violín de Philippe Quint, o 31 de marzo ás 20.00 h, nun recital de obras de Erich Wolfgang Korngold (*Concerto para violín en re maior, op. 35*) e Jean Sibelius (*Sinfonía núm. 1 en mi menor, op. 39*).

O 19 de abril, a Orquesta Barroca de Tenerife ofrecerá un recital de «Barroquísimo» con dirección de Alfonso Sebastián; contrabaixo barroco e concertino de Lorena Padrón; violíns barrocos de Laura Díaz, Juan Carlos Gómez e Giovanni Déniz; frauta travesa, Pablo Sosa; viola barroca, Iván Sáez; violonchelos barrocos, Fernando Santiago e Elsa Pidre; e contrabaixo, Tomás López. Johann Sebastian Bach será o compositor representado nesta ocasión.

A batuta de Simone Menezes dirixirá á Real Filharmonía, acompañada pola soprano Camila Titinger, o 13 de maio ás 20.00 h, nun recital de obras de Heitor Villa-Lobos (*Bachianas brasileiras núm. 4, preludio*), Philip Glass (*Augas da Amazonia*) e Heitor Villa-Lobos (*Suite de Floresta do Amazonas*).

A Real Filharmonía de Galicia, con dirección de Paul Daniel, actuará o 20 de maio ás 20.00 h. O recital, «Unha viaxe fantástica» consistirá na interpretación de pezas de Octavio Vázquez (*Ilusións*) e de Hector Berlioz (*Sinfonía fantástica, op. 14. Episodio da vida dun artista*).

Finalmente, a batuta de Pablo González dirixirá a Orquesta Sinfónica de Galicia, acompañada pola viola de Nils Mönkemeyer, o 26 de maio ás 20.00 h, nun recital de obras de Hector Berlioz (*Harold en Italia, op. 16*) e Maurice Ravel (*Daphnis et Chloé: suite núm. 2*).

Toda a información da actividade de Afundación, na nosa [SALA DE PRENSA](#).